



Confederación Intersindical Galega

**CIG-AXENCIA TRIBUTARIA**

**AO XEFE DA DEPENDENCIA REXIONAL DE ADUANAS E II.EE.**


**Asunto:** convocatoria Panel Vixilancia Aduaneira

Temos constancia de que se está a preparar no Departamento de RR.HH da AEAT un procedemento de mobilidade que se convocará nos próximos meses para o persoal de Vixilancia Aduaneira mediante o formato de PANEL.

Desde a **C.I.G.** aínda que defendemos o concurso oficial publicado no BOE como o mellor sistema de mobilidade, non queremos deixar pasar a oportunidade para facerlle chegar as nosas suxestións ao respecto. Unha vez máis, mostrámoslle a nosa preocupación sobre a situación do persoal de Vixilancia Aduaneira na nosa Delegación Especial. Estamos a falar dun colectivo moi envellecido, no que a media de idade do marítimo é de máis de 55 anos e de investigación máis de 51, unha das máis altas da AEAT e cuns índices de siniestralidade laboral preocupantes, polo que entendemos que esa convocatoria de prazas debería ser o suficientemente ampla para que haxa unha reposición de persoal que permita manter as bases galegas nas máximas condicións de operatividade. Por outro lado é importante tamén que teña en conta que, como xa aconteceu en concursos anteriores, pódense producir resultados por movementos dentro da propia Delegación Especial polo que lle pedimos que se cubran todas as que se xeneren para que tamén os que están destinados fóra teñan oportunidade de moverse a Galicia.

Así, despois de máis de 6 anos sen concursos, desde a **CIG** solicitamos que se faga o máximo esforzo posible para esixir que se oferten, no próximo concurso, prazas de Vixilancia Aduaneira en todas as bases da nosa Delegación Especial.

A Coruña, 23 de xuño de 2016



Asdo.: Antón Lestón Mosquera

Responsable do Subsector de CIG na AEAT